



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Bases da convocatoria pública de subvencións municipais a deportistas individuais do Concello de Bergondo para o exercicio económico 2024

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Bergondo (A Coruña), en sesión ordinaria de 26 de setembro de 2024, e a proposta de Alcaldía, aprobou as Bases da CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DE BERGONDO PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2024, así como os seis (6) modelos para presentación de documentación. Estes modelos estarán dispoñibles na sede electrónica e na páxina web municipal bergondo.gal.

BASES

1.FINALIDADE

É obxecto da presente convocatoria establecer os criterios e o procedemento de concesión de becas a deportistas de alto nivel do Concello de Bergondo, menores de 35 anos e/ou que non sexan deportistas máster, para o ano 2024, coa finalidade de facilitar a práctica deportiva e a competición de alto nivel, valorando así a súa especial dedicación ao deporte, sendo conscientes das dificultades que implica; así como promover a difusión do noso concello en eventos deportivos de carácter nacional ou internacional.

Conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, coas súas modificacións, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Regulamento de servizos das corporacións locais, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas.

As subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo á partida orzamentaria 341/482.00 do Orzamento municipal vixente para o ano 2024, e co límite da súa consignación orzamentaria ó efecto.

O procedemento de concesión realizarase en réxime de concorrència competitiva, de acordo cos principios de publicidade, obxectividade, libre concorrència e igualdade.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas, públicas ou privadas, que se concedan para a mesma finalidade, que deberán ser comunicadas ao Concello de Bergondo.

2. GASTOS SUBVENCIONABLES E NON SUBVENCIONABLES

2.1. Se considerarán **gastos subvencionables** os realizados e efectivamente pagados entre xaneiro e novembro do ano 2024, ambos os dous inclusivos, sempre que respondan á natureza e obxecto da actividade subvencionada. Entre eles:

Gastos de viaxes e dietas (desprazamentos, aloxamento e manutención) cando tendo relación directa co obxecto da subvención, deriven da participación en competicións oficiais, desprazamentos a concentracións de tecnificación ou a centro de tecnificación, debidamente acreditados pola federación correspondente. Deberá presentarse un certificado da federación sobre a participación en competicións oficiais, asistencia a xornadas de tecnificación, deportista tecnificado nun centro de tecnificación ou concentracións de selección autonómica e/ou nacional, no que se recolla: lugares de competicións/concentracións, datas e resultados acadados no ano 2024. A non presentación deste certificado implicará a non consideración destes gastos.

Terase en conta as seguintes consideracións:

- Os gastos de desprazamento, xustificaranse cos billetes de viaxe de calquera medio de transporte público utilizado en clase turista.
- Os gastos de aloxamento, xustificaranse coa factura do hotel, pensión, etc, cun máximo de 65 €/día.
- Nos gastos de manutención considerárase xustificable as facturas por tal concepto, cun máximo de 35 €/día (almorzo, comida e cea)

- No caso de tratarse dun menor de idade, considerarase subvencionable os gastos ocasionados por estes conceptos, do deportista menor e dun adulto.

- En caso de que dous irmáns compitan na mesma competición e nas mesmas datas so se computará o desprazamento a un dos irmáns.

- Para competicións fora da Comunidade Autónoma de Galicia ou na propia Comunidade Autónoma de Galicia, cando se se leven a cabo a máis de 100 km da vivenda habitual e cando as competicións se realicen máis tarde das 11.00 horas, poderanse computar os gastos de aloxamento e manutención do/s día/a das competicións e do día anterior a esta.

- Os gastos de publicidade e información nos medios de comunicación ata un máximo de 300 €.

- Os gastos de deseño, desenvolvemento, perfeccionamento, modificación e/ou mantemento de páxinas web ou portais de internet, ata un máximo de 300 €.

- Os gastos de adquisición de roupa deportiva necesaria. **Sempre que sexa posible, deberá figurar na mesma, o logotipo do Concello de Bergondo**, que deberá acreditarse a través dun medio gráfico.

- O importe líquido das nóminas dos adestradores, sempre e cando estes se atopen no réxime de alta na seguridade social.

- Os gastos federativos.

- Os gastos de alugamento de instalacións deportivas, sempre e cando estas non sexan do Concello de Bergondo.

- Adquisición de material deportivo por un importe máximo de 800 € con IVE engadido.

- Revisións médicas, probas de esforzo, rehabilitación, e outros que poidan ser recoñecidos como indispensables para a consecución dos obxectivos deportivos previstos.

2.3. Non serán obxecto de subvención, quedando excluídos:

- Os gastos que non estean directamente vinculados á actividade obxecto de subvención, ou que dificilmente poidan relacionarse coa mesma. Neste sentido terase especialmente en conta os conceptos especificados nas facturas que se entregarán como xustificantes dos gastos.

- Os gastos derivados da adquisición, reparación ou mantemento de bens inmoables; consumo eléctrico, telefónico e similares.

- Os gastos pola adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, así como tabaco ou outros produtos considerados lesivos para a saúde.

- Os gastos derivados das retencións do Imposto da Renta das Persoas Físicas (IRPF), así coma os tributos que sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

- Os gastos de inversión.

- Os gastos derivados de produtos farmacéuticos e protésicos.

- Cursos dirixidos á obtención de títulos académicos ou deportivos.

3.-RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

Os fins indicados no anterior apartado efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable especialmente prevista no seguintes preceptos:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

- Artigo 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local.

- Artigo 40.2 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, R.D. legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

- Ordenanza municipal de transparencia, acceso á información e reutilización (BOP núm. 78 do 28.04.2015)

4.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS BENEFICIARIOS

4.1. Poderán solicitar subvencións os deportistas do Concello de Bergondo, menores de 35 anos e/ou que non sexan deportistas máster, que, cumprindo ó prescrito no artigo 13 da Lei 38/2003, e artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, reúnan ademais os seguintes requisitos:

- Estar empadroadado no Concello de Bergondo cunha antigüidade de, polo menos, dous anos consecutivos, no momento da solicitude.
- Estar en posesión de licenza deportiva, expedida pola federación correspondente, no momento da solicitude.
- Acreditar o nivel deportivo na especialidade, polo menos, correspondente a ano anterior e/ou ao ano da solicitude.
- Competir, no ano da solicitude en eventos/probas deportivas de relevancia autonómica, nacional ou internacional organizados ou recoñecidos polas respectivas federacións
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvencións (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).
- Ter entre outros fins a realización das actividades obxecto da subvención, así como dispor de estrutura suficiente que garante o cumprimento dos seus obxectivos.
- Encontrarse ó corrente das obrigas tributarias co Concello de Bergondo, e con calquera outra administración.
- De ser o caso, ter xustificadas as subvencións recibidas con anterioridade polo Concello de Bergondo.

4.2. Non poderán acceder á concesión das subvencións municipais:

- Os interesados que, en virtude da normativa vixente, teñan limitado ou suprimido ese dereito, e especificamente o recollido no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- Os interesados que por resolución firme foran sancionadas polo incumprimento das condicións previstas na autorización precisa para o desenvolvemento da actividade.
- As persoas que perderan o dereito á obtención das subvencións como consecuencia do procedemento sancionador correspondente, e polo prazo establecido na resolución.

5.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios:

- Aceptar a subvención, en caso contrario, deberán renunciar expresa e de forma motivada á mesma, no prazo máximo de 10 días naturais, contados a partir daquel no que reciban a notificación da concesión da subvención.
- Realizar o proxecto, ou cumprir co fin ou propósito que fundamenta a concesión da subvención.
- Sinalar a súa condición de beneficiario deste programa nas competicións ou actividades nas que participe, e facer constar de maneira visíbel o escudo e lenda "Concello de Bergondo". Así como, publicitar esta condición de beneficiario no caso de ter facebook, páxina web o blogue. **Tendo que presentar acreditación desta publicidade no momento da xustificación. Se non se acredita esta publicidade perderá o dereito de percibir á subvención correspondente a esta convocatoria.**
- Xustificar documentalmente, e na forma e prazos previstos nestas bases, o cumprimento da finalidade que motivou a concesión da subvención e, no seu caso, a aplicación dos fondos recibidos.
- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Bergondo, así como calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poida realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicar ó Concello de Bergondo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
- Acreditar no momento da solicitude no concello, que se encontra ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, mediante certificación expedida polos citados organismos ou coa presentación da solicitude das citadas certificacións. Esta certificación deberá estar en vigor no momento de efectuar o pago da subvención. Tamén será válida a presentación mediante a propio modelo de solicitude (Anexo 1: SOLICITUDE), que inclúe unha declaración responsable do interesado.
- Facer constar información ou publicidade que se efectúe das actividades ou proxectos, que os mesmos están subvencionados polo Concello de Bergondo,
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións e control.

- Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos polo artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

- En xeral cumprir coas obrigas enumeradas no artigo 17 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.- SOLICITUDES

6.1. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

As persoas que concorran á presente convocatoria deberán presentar os seguintes modelos normalizados, que se facilitarán no servizo de deportes, na sede electrónica e na páxina web do concello.

Anexo 1: SOLICITUDE, da subvención a deportistas individuais do Concello de Bergondo, ano 2024. Xunto coa seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI e, no caso de ser necesario, documento que acredite a representación legal.
- Fotocopia da licenza federativa do ano 2024.
- Certificado acreditativo ou nº do DOG ou BOE da condición de deportistas de alto nivel galego ou nacional.
- Certificado da federación de estar nalgún centro de tecnificación ou programa de tecnificación autonómico ou nacional no ano 2024.
- Deberá presentarse un certificado da federación sobre a participación en competicións oficiais, asistencia a xornadas de tecnificación, ou concentracións de selección autonómica e/ou nacional, no que se recolla: lugares de competicións/concentracións, datas e resultados acadados no ano 2023 e/ou 2024.

Anexo 2: ALTA DE DATOS DE TERCEIROS. Se xa se presentou outros ano, non teñen que presentalo este ano, a non ser que haxa algún cambio.

6.2. LUGAR DE PRESENTACIÓN

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Bergondo, ou por sede electrónica, aínda que poderán presentarse igualmente en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

6.3. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no extracto desta convocatoria que publicárase no BOP, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvenciones.

6.4 EMENDA DE SOLICITUDES

Recibidas as solicitudes, o órgano instrutor revisará os expedientes e publicará Taboleiro de Edictos do Concello de Bergondo, no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica e na páxina web do concello (bergondo.gal), a relación de solicitudes admitidas, as que deben subsanar ou emendar e as inadmitidas para que os interesados, no prazo improrrogable de 10 días contados a partir do día seguinte ao da súa publicación poidan presentar alegacións ou achegar a documentación que consideren oportuna.

Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que cumpran todos os requisitos e reúnan toda a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración.

As solicitudes que non cumpran os requisitos esixidos nestas bases e, no seu caso, na convocatoria anual de axudas, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que dite resolución de inadmisión ou desestimento na cal se indicarán as causas desta.

7.- CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

7.1 PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

- Tramitárase en réxime de concorrencia competitiva (mediante a comparación das solicitudes presentadas), e o órgano encargado do seu outorgamento será a Xunta de Goberno Local, previo Informe do traballador encargado do expediente, Proposta motivada da Comisión Técnica de Avaliación, e informe dos servizos económicos, este último se procedese.

- A composición da Comisión Técnica de Avaliación será:

- Presidente/a (Alcaldesa ou persoa en quen delegue).
- Concelleira delegada da área de ensino, cultura e deportes (ou persoa en quen delegue).
- Tres funcionarios/as do concello, un deles actuando de Secretario da Comisión.

- O/a solicitante que acade a puntuación máis elevada percibirá como máximo, **750 euros**, sendo esta contía proporcionalmente menor para as restantes deportistas, sempre en relación ós puntos acadados. Pode darse o caso de que varios deportistas obteñan a mesma puntuación.

- A xustificación do importe concedido entenderase realizada de forma global, sempre que o proxecto deportivo polo que se solicita a subvención se desenvolva durante o ano 2024, do contrario, reducirase a subvención no importe concedido para o proxecto presentado.

- Con carácter xeral o importe da subvención solicitada será entre o 20% e o 80% do presuposto de gastos.

- A contía da subvención inicial é o resultado de dividir a suma das contías orzamentarias dispostas para estas subvencións (12.000,00 €) entre o total dos puntos obtidos por todos os deportistas en base aos criterios establecidos na base 7.2

- Aplicando esta fórmula, nalgúns casos, hai que reducir o importe da subvención inicial para cumprir os diferentes requisitos especificados nas bases da convocatoria (por exemplo, para non percibir máis contía da que solicitaron, tendo en conta que é un criterio puntuable - 5 da base 7.2).

- Polo tanto, de acontecer o sinalado no apartado anterior, procede o reparto dese importe sobranste entre os deportistas beneficiarios, proporcionalmente á puntuación obtida e coas limitacións establecidas nas presentes bases.

- **O importe da subvención en ningún caso** poderá ser de tal contía que, ben de forma illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutros organismos públicos ou privados, **supere o custo total do proxecto** a desenvolver polo deportista beneficiario.

7.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Teranse en conta os seguintes criterios ponderables, que serán aplicados á vista da documentación presentada polos solicitantes, só se terá en conta unha categoría, os resultados deportivos acadados e proxecto para unha categoría.

CRITERIO	DENOMINACIÓN	QUE SE VALORA		PUNTOS MÁX.
1	Categoría Máx. 3 puntos	Categoría inferior á previa absoluta		1
		Categoría previa absoluta		2
		Categoría absoluta		3
2	Licenza deportiva Máx. 4 puntos	Licenza nun club de Bergondo		4
3	Resultados deportivos acadados Máx. 59 puntos.	Competición autonómica	Participación	1
			De 8.º a 4.º	3
			De 1.º a 3º	6
		Competición nacional	Participación	6
			De 8.º a 4.º	9
			De 1.º a 3º	12
		Competición europea	Participación	12
			De 8.º a 4.º	15
			De 1.º a 3º	18
		Competición mundial	Participación	18
			De 8.º a 4.º	21
			De 1.º a 3º	23
4	Colaboración con entidades Máx. 6 puntos	Co Concello de Bergondo	Nunha actividade	2
			Máis dunha actividade	4
		Con outras entidades	Nunha actividade	1
			Máis dunha actividade	2

CRITERIO	DENOMINACIÓN	QUE SE VALORA	PUNTOS MÁX.
5	Plano económico Máx. 12 puntos	Coeficiente de financiamento: cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do presuposto de gastos presentados	6
		Esforo económico no investimento: gastos efectuados polo conxunto das actividades presentadas, forma de financiamento, e contía da mesma (diferenza gastos e ingresos declarados/ total gastos declarados)	6
6	Implantación e importancia da modalidade deportiva no eido nacional. Máx. 16 puntos. Para a valoración deste aspecto teráse en conta a publicación do ano máis recente, da “Memoria Licencias y club federados” do Consello Superior de Deportes (no momento en que se fai a valoración da concesión de contías iniciais)	Federacións con menos de 20.000 licenzas anuais	4
		Federacións entre 20.000 e 50.000 licenzas anuais	8
		Federacións entre 50.000 e 100.000 licenzas anuais	12
		Federacións con máis de 100.000 licenzas anuais	16
Categoría absoluta: e a categoría de idade na que se desenvolva a competición deportiva de máis alto nivel da modalidade deportiva, sendo xeralmente, aquela na que os deportistas cumpren 19 anos no seu primeiro ano natural na categoría.			
Categoría previa á absoluta: é aquela categoría de idade na que participan deportistas que, xeralmente, cumpran 17 ou 18 anos ó longo do ano natural no que se celebran os campionatos.			
Categoría inferior a previa absoluta: é categoría oficialmente recoñecida de cada deporte na que participen deportistas de categoría inferiores á previa absoluta.			

Cociente de financiamento	Puntos
>/=20% - 30%	50-60
30% - 40%	40-50
40%-50%	30-40
50%- 60%	20-30
60%-70%	10-20
70%->/=80%	0-10

Diferenza gastos e ingresos declarados/ total gastos declarados	Puntos
>/=20% - 30%	50-60
30% - 40%	40-50
40%-50%	30-40
50%- 60%	20-30
60%-70%	10-20
70%->/=80%	0-10

7.3 NOTIFICACIÓN DO ACORDO DE RESOLUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O acordo de resolución de concesión, adoptado pola Xunta de Goberno Local, será notificado expresamente a todos os solicitantes de forma fidedigna, por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

7.4. PUBLICIDADE

A relación das subvencións concedidas publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello de Bergondo, así como na páxina web oficial do Concello de Bergondo, (bergondo.gal), con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ó que se imputan, beneficiarios e contías percibidas, así como por calquera outro medio establecido legalmente. Daráselle tamén a publicidade esixida pola normativa de subvencións e transparencia.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

As persoas solicitantes aceptan a publicidade derivada da normativa correspondente á Ley de subvencións e a Ley de tansparencia.

8.- CONSIDERACIÓNS XERAIS

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos aprobados no presuposto inicial. En ningún caso o importe da subvención solicitada poderá superar o 80% dos gastos da actividade.

9.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

9.1. PRAZO PARA A XUSTIFICACIÓN

O prazo de presentación dos xustificantes rematará **improrrogablemente o 30 de novembro de 2024 (inclusive)**.

9.2 FORMA DA XUSTIFICACIÓN

Os beneficiarios presentarán preferentemente por Sede Electrónica, no Rexistro Xeral do Concello de Bergondo ou calquera outro rexistro especificado no artigo 16.4 da Lei 39/2015, os seguintes anexos normalizados para acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención:

Anexo 3: XUSTIFICACIÓN, da subvención a deportistas individuais do Concello de Bergondo, ano 2024.

- Cargo bancario ou acreditación inequívoca do pagamento tanto das facturas como dos recibos ou nóminas.
- Certificado da federación onde se acredite que a federación recibiu por parte do interesado a cantidade que corresponda, por gastos de licenza federativa, gastos de inscricións en competicións, federación, etc. Este certificado debe vir con conceptos e gastos desagregados.
- A publicidade onde figure que o Concello de Bergondo subvenciona o proxecto deportivo como deportista individual (fotos, prensa, vídeo, publicacións en redes sociais...).
- Xustificante da colaboración ou voluntariado co Concello de Bergondo ou outras entidades, mediante reportaxe gráfico ou certificado da entidade coa que colabora.

- Que se achega reportaxe fotográfico do proxecto realizado como deportista individual.

- Facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos legalmente. Xuntarase ademais cargo bancario ou acreditación inequívoca do pagamento tanto das facturas como dos recibos ou nóminas.

Anexo 4: RELACIÓN DE DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DOS GASTOS REALIZADOS.

Anexo 5. GASTOS DE VIAXES E DIETAS.

Anexo 6: RECIBÍN.

Os xustificantes dos gastos para a realización das actividades subvencionadas, deberán corresponder necesariamente aos gastos ocasionados para o cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, e non se admitirán como xustificación os gastos realizados para o cumprimento de fins distintos; neste sentido serán determinantes os conceptos que figuren nas facturas ou documentos xustificativos dos gastos.

Os xustificantes presentados deberán ser por unha **contía global igual ou superior ao gasto a xustificar**, na forma que se dispón no presente artigo. A xustificación do importe concedido entenderase realizada de forma global, sempre que se compita e/ou adestre o ano da solicitude de subvención. De non ser así, reducirase a subvención no importe concedido para esa actividade non realizada.

O presuposto subvencionado a xustificar para poder cobrar a subvención, é o resultado de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

De non respectar o esforzo económico no investimento, tal e como figura recollido na base 7.1, unha vez comprobado o mesmo coa documentación presentada como xustificación, realizarase un novo cálculo, no caso de non coincidir, axustándose a contía da subvención en función do mesmo. Nunca se realizarán axustes no caso de que conleven un aumento na concesión da subvención inicial.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrencia con esta subvención, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o presuposto subvencionado a xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

No caso contrario de que se xustifique:

- Gasto polo 100% aboarase a totalidade da subvención.
- Gasto inferior ó 100% e, polo menos do 50% aboarase a parte proporcional da subvención.
- Gasto inferior ó 50% do presuposto subvencionado a xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención polo que non se aboará cantidade ningunha.

Os gastos acreditaranse:

a. **Con carácter xeral, mediante facturas** ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos legalmente. Presentaranse os **documentos orixinais**. En cumprimento co establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello dilixenciará cada factura facendo constar que a mesma foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención por parte do Concello de Bergondo. No caso de presentar fotocopias, deberá estenderse a dilixencia antes de facer a copia.

Elementos que deben incluírse nunha factura:

- Nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF
 - Identificación da entidade, co CIF
 - Data de emisión
 - Importe total. Se figuran varios artigos é necesario que se desagreguen e se describan os conceptos desagregados
 - Debe aparecer o IVE de forma diferenciada, base impositiva, tipo de IVE aplicable e importe total máis o IVE correspondente
- As facturas que non conteñan os elementos anteriores, non serán admitidas como xustificante de gasto.

b. **Para os gastos pertencentes a persoal** (profesores, conferenciantes, árbitros, adestradores, etc.), mediante o Modelo de Recibín municipal ou nóminas (orixinais) asinadas polo perceptor. Será obrigatorio presentar fotocopia do documento de identidade dos perceptores.

Terá que incluír a cantidade correspondente aos impostos que procedan (retención de IRPF e no seu caso do IVE), non sendo obxecto de subvención o IRPF.

c. **Para os gastos de viaxe**, mediante o modelo para gastos de viaxe, xunto coa/s factura/s correspondente así como o xustificante da actividade.

En todo caso, os gastos:

- Pagaranse en función dos km realizados a razón de 0,26 €/km, tendo sempre como límite o máximo do importe da factura presentada.
 - O límite do gasto subvencionado será de 35 € en manutención (almorzó, xantar e cea) e de 65,00 € por aloxamento.
- En todo caso haberá que presentar a factura, pagándose o importe menor.

Axuntarase ademais:

- Cargo bancario ou acreditación inequívoca do pagamento tanto das facturas como dos recibos ou nóminas.
- Certificado da federación onde se acredite que a federación recibiu por parte do interesado a cantidade que corresponda, por gastos de licenza federativa, gastos de inscricións en competicións, federación, etc. Este certificado debe vir con conceptos e gastos desagregados.
- Publicidade (folletos, carteis, notas de prensa, páxinas web, publicacións en redes sociais, etc), deberán xuntar ademais algún exemplar impreso onde figure que o Concello de Bergondo subvenciona esa actividade.
- Reportaxe fotográfico das actividades realizadas.
- Xustificante de colaboración ou voluntariado co Concello de Bergondo ou outra entidade.

No caso de non acreditar estes extremos, non se considerarán os gastos debidamente xustificadas e non se terán en conta á hora de conceder a subvención final.

Cando unha factura este exenta de IVE deberá incluírse certificado que acredite esta exención, manifestado por órgano competente.

En ningún caso admitiranse como xustificantes os das actividades relacionadas no apartado 2.3 das presentes bases.

10.- CONTROL FISCAL E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

A xustificación presentada polos beneficiarios será remitida para a súa fiscalización á Intervención Xeral do concello que poderá comprobar a utilización dos fondos públicos recibidos nas actividades para as que foi concedida a subvención.

A non presentación da xustificación dentro do prazo levará automaticamente á perda da subvención e, en consecuencia, ao non pagamento desta.

O Concello de Bergondo resérvase o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a documentación xustificativa presentada é correcta, quedando obrigado o beneficiario a facilitar tanta información lle sexa requirida polo Servizo Xestor e Intervención Xeral.

A Xunta de Goberno Local aprobará as **contías finais** a percibir polos deportistas beneficiarios, previo Informe do traballador encargado do expediente e dos Servizos Económicos, e Proposta motivada da Comisión Técnica de Avaliación, que poderán coincidir ou non coas anteriormente aprobadas, dependendo dos xustificantes dos gastos presentados. Este acordo final será debidamente notificado a cada deportista.

- A composición da Comisión Técnica de Avaliación será:

- Presidente/a (Alcaldesa ou persoa en quen delegue).
- Concelleira delegada da área de cultura, ensino e desenvolvemento económico.
- Tres funcionarios/as do concello, un deles actuando de Secretario da Comisión.

Todo isto en consonancia co disposto no apartado 8 da presente convocatoria; e conforme os termos establecidos no Capítulo V do Título I da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

11.- RÉXIME SANCIONADOR

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei xeral presupostaria (Lei 47/2003 de 26 de novembro), e no art. 40 Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normas concordantes: Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Contas e Lei ordinaria do Consello de Contas de Galicia.

DISPOSICIÓN FINAL

No que non ven previsto na presente Convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; así como a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Ordenanza municipal de transparencia, acceso á información e reutilización (BOP núm. 78 do 28.04.2015)."

BASES**1.FINALIDAD**

Es objeto de la presente convocatoria establecer los criterios y el procedimiento de concesión de becas a deportistas de alto nivel del Ayuntamiento de Bergondo, menores de 35 años y/o que no sean deportistas máster, para el año 2024, con la finalidad de facilitar la práctica deportiva y la competición de alto nivel, valorando así su especial dedicación al deporte, siendo conscientes de las dificultades que implica; así como promover la difusión de nuestro ayuntamiento en eventos deportivos de carácter nacional o internacional.

Conforme a lo dispuesto en la Ley 7/1985, de bases de régimen local, con sus modificaciones, en la Ley 5/1997, de la administración local de Galicia, en la Ley 38/2003, general de subvenciones y en el Real Decreto 887/2006 por la que se aprueba su reglamento, en la Ley 9/2007 de subvenciones de Galicia y en el Reglamento de servicios de las corporaciones locales, con la finalidad de poder asignar los recursos necesarios a las prioridades señaladas.

Las subvenciones objeto de esta convocatoria se efectuarán con cargo a la partida presupuestaria 341/482.00 del Presupuesto municipal vigente para el año 2024, y con el límite de su consignación presupuestaria al efecto.

El procedimiento de concesión se realizará en régimen de concurrencia competitiva, de acuerdo con los principios de publicidad, objetividad, libre concurrencia e igualdad.

Estas ayudas serán compatibles con otras ayudas, públicas o privadas, que se concedan para la misma finalidad, que deberán ser comunicadas al Ayuntamiento de Bergondo.

2. GASTOS SUBVENCIONABLES Y NO SUBVENCIONABLES

2.1. Se considerarán gastos subvencionables los realizados y efectivamente pagados entre enero y noviembre del año 2024, ambos incluidos, siempre que respondan a la naturaleza y objeto de la actividad subvencionada. Entre ellos:

